



Facultade de Psicoloxía

Traballo de
fin de grao

Modalidade 2

**“Proxecto de investigación empírica e/ou
desenvolvemento dun estudo piloto”**

A influencia da percepción
de represión sobre a
intención de acción colectiva
normativa e non normativa

Un estudo sobre a participación no
movemento ecolóxico

Autor/a do TFG

Amina Iglesias Doval

Grao en Psicoloxía

Ano 2024

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Psicoloxía

Índice

Índice.....	2
Resumo.....	3
Abstract.....	4
Introdución	5
Método	14
1 Participantes	14
2 Materiais e Procedemento	15
3 Análise.....	18
Resultados.....	19
Discusión	29
Conclusiones.....	34
Referencias bibliográficas	36
Índice de figuras.....	42
Índice de táboas.....	43

Resumo

O cambio climático que levamos experimentando dende fai décadas como consecuencia, principalmente, do aumento nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incrementadas a partir da Revolución Industrial, está a producir estragos importantes no noso planeta, ameazando de xeito importante á vida no mesmo. Fronte a esta problemática, milleiros de persoas alzan a súa voz a través de colectivos organizados que cada vez se atopan con máis trabas legais. Na presente investigación, trátase de investigar de que xeito a percepción sobre as medidas de coerción aplicadas polo Estado nun país democrático coma España, pode moldear a intención de participar en accións normativas e non normativas en favor da loita ecoloxista, así como a identificación co movemento, contribuíndo á literatura dedicada a explorar o nexa represión-disidencia. Distribuíndo aos participantes en tres grupos, un control e dous experimentais (nos que se manipula a percepción de represión, tratando de inducir para un dos grupos unha sensación de alta represión e para o outro unha sensación de ausencia de represión), intentouse probar un efecto de escalada por parte da represión, a cal, do mesmo xeito, se esperaba que aumentase a identificación pro-ambientalista. Para elo, realizáronse análises de correlación entre as variables a estudar e de varianza entre os grupos sometidos ás distintas condicións. Malia non atopar resultados na dirección esperada, descubriuse que a percepción dunha baixa represión podería dar lugar a unha demobilización.

Palabras chave:

Percepción de represión, acción colectiva normativa, acción colectiva non normativa, identidade politizada, movemento ecoloxista.

Número de palabras do traballo: 7.729

Abstract

The climate change we have been experiencing for decades, primarily due to the increase in greenhouse gas emissions since the Industrial Revolution, is causing significant damage to our planet and poses a substantial threat to life. In response to this issue, thousands of people are raising their voices through organized groups that increasingly face legal obstacles. This research aims to investigate how perception of coercive measures implemented by the State in a democratic country like Spain can shape the intention to participate in both normative and non-normative actions in support of the environmental movement, as well as the identification with the movement, thus contributing to the literature exploring the repression-dissent nexus. Participants were divided into three groups: one control group and two experimental groups (in which the perception of repression was manipulated to induce a sense of high repression in one group and a sense of no repression in the other). The study aimed to test a scaling effect of repression, which was also expected to increase pro-environmentalist identification. Correlation analyses between the studied variables and variance analyses between the groups under different conditions were conducted. Although the expected results were not found, it was discovered that the perception of low repression could lead to demobilization.

Keywords:

Perception of repression, normative collective action, non-normative collective action, politicized identity, environmentalist movement.

Introdución

Despois de décadas de investigación, hoxe sabemos que o cambio climático que estamos a presenciar está principalmente causado pola acción humana e que as súas consecuencias poden ser desastrosas (Intergovernmental Panel on Climate Change [IPCC], 2023). Así pois, chegou a considerarse que os riscos producidos polo mesmo poderían constituír unha das ameazas máis importantes para a humanidade, tendo estes un carácter sistémico, que non limitado ou concreto (Li et. al, 2021).

Segundo o último informe do Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC) de 2023, o incremento das emisións de gases de efecto invernadoiro (como consecuencia dun uso insostible da enerxía, dos cambios no uso do chan e dos novos patróns de consumo e produción), fixeron que entre 2011 e 2020 aumentase a temperatura global 1.1°C en comparación cos niveis preindustriais (1850-1900). Porén, atendendo ás contribucións determinadas a nivel nacional (NDCs) anunciadas ata outubro de 2021, estímase que o quentamento poida chegar a superar os 1.5°C durante o século XXI, o cal agravaría aínda máis os perigos múltiples e concurrentes que se están a dar xa a día de hoxe, en relación tanto co estado da atmosfera e dos océanos como da criosfera e a biosfera (IPCC, 2023).

Feitos como que a acidificación oceánica e a taxa de incremento do nivel do mar sexan cada vez maiores (a 3.7 mm por ano entre 2006 e 2018, cun aumento de 0.20 metros rexistrado entre 1901 e 2018), ou que o número de eventos climáticos extremos (e.g. olas de calor, sequías, ciclóns tropicais ou tormentas) teña ascendido exponencialmente dende a década de 1950,

ameazan de xeito considerable tanto a saúde ecosistémica como humana. Numerosas especies locais están a desaparecer, e as duras condicións de vida coas que se atopa gran parte da poboación mundial están a producir cambios demográficos preocupantes, así como taxas de mortalidade cada vez máis altas, debido, principalmente, a problemáticas coma a da inseguridade alimentaria, a escaseza da auga, e o aumento das enfermidades transmitidas por vectores, entre outras. Tampouco podemos olvidar os efectos do cambio climático androxénico sobre a saúde mental, en asociación co aumento das temperaturas, os traumas de eventos extremos e a perda de medios e cultura; que, cando non propician aínda máis mortes, impiden o desenvolvemento dunha vida satisfactoria (IPCC, 2023).

Fronte a este panorama, a participación cidadá parece ser clave, na medida en que pode servir para exercer unha gran presión a nivel estatal e empresarial, de cara á consensación de políticas máis respetuosas co medio. Baixo este contexto, os movementos pro-ambientais instáuranse como elementos dunha importancia vital para abordar a emerxencia climática coa contundencia necesaria, en tanto que permiten aumentar a conciencia social respecto das adversidades acaecidas ata a data, e, como fin último, promover accións que axudan a mitigar as mesmas, evitando que se convirtan en realidades irreversibles. Por tanto, semella importante saber que pode motivar (ou desmotivar) a intención de converter ás persoas en activista da causa.

Actualmente, devanditos movementos pro-ambientais, están a afrontar unha crecente represión estatal que podería chegar a afectar á capacidade dos mesmos para lograr os seus obxectivos (Smith, Rivas e Jouzel, 2024), diminuíndo a participación activa dos individuos preocupados polo clima, ou, quizais, ao contrario do que as autoridades pretenden, aumentándoa (convertendo incluso, como veremos, accións pacíficas en violentas) (Tilly, 2006; Goodwin e Jasper, 2003; Piven e Cloward, 1977; Chenoweth e Stephan, 2011).

Na presente investigación execútase un estudo experimental que manipula a percepción da represión exercida polo Estado de cara á mobilización ecoloxista, co obxectivo de explorar os efectos da mesma sobre a intención de participar na acción colectiva normativa e non normativa ao seu favor. Noutras palabras, este traballo ten como finalidade contribuír ao coñecemento sobre os procesos que incentivan a acción colectiva, esclarecendo a influencia que poden ter as distintas apreciacións sobre as medidas coercitivas exercidas polo Estado contra a mesma, aínda que dun xeito modesto (unicamente xeralizable ao contexto pro-ambiental español). En consecuencia, a nosa principal pregunta de investigación é a seguinte:

a percepción de represión produce nos individuos unha detención, unha escalada ou ningún efecto en absoluto en canto á súa intención de converterse en activistas dunha determinada causa social/política (neste caso, do ecoloxismo)?

Como obxectivo secundario, plántese observar en que medida a nosa VI pode tamén afectar a outra variable relacionada coa acción colectiva, a identificación co movemento exposto, sabendo que esta constitúe unha das principais variables disposicionais de cara á mobilización. En tanto que os movementos ofrecen a oportunidade de mostrarse coma parte dun grupo, a participación neles estará en certa medida mediada pola forza coa que os individuos se sintan identificados con el (Klandermans, 2015). Así pois, a identificación é considerada coma un dos grandes motivadores da acción colectiva, sendo a miúdo conceptualizada coma un dos marcos aos que fai referencia a Teoría dos Marcos de Acción Colectiva (Hunt, Benford e Snow, 1994), entre os que tamén se atopa a indignación moral (a cal neste caso será empregada para comprobar que a percepción de represión foi inducida correctamente, posto que fai referencia á conciencia dunha situación problemática, de dano ou sufrimento, entendida como non merecida). Segundo Simon e Klandermans (2001), para que a identidade sexa un vehículo da acción colectiva, esta debe de politizarse, e ese é un proceso que xorde a partir dos agravios compartidos, os enemigos comúns e a busca de apoio de terceiros. Esta é a razón que motiva o noso interese por descubrir os efectos da represión sobre a mesma.

Delimitación conceptual das variables

A acción colectiva normativa e non normativa e a identidade colectiva politizada (VDs)

A proliferación de traballos sobre movementos sociais levou a establecer definicións de acción colectiva moi diversas. Porén, é probable que unha das máis empregadas ata os nosos días sexa a ofrecida por Wright, Taylor e Moghaddam (1990), na que se especifica que a diferenza entre a acción individual e a colectiva ten que ver con algo máis que co mero número de persoas do grupo implicadas nela: “un membro do grupo participa nunha acción colectiva en calquera momento no que actúa como representante do grupo e a acción está dirixida a mellorar as condicións de todo o grupo” (Wright, Taylor e Moghaddam, 1990, p. 995). Do mesmo xeito, Turner e Killian (1972) falan do comportamento colectivo coma aquel que ten que ver coa actividade dos membros dun grupo que, nun determinado tempo e espazo, se coordinan para levar a cabo dita actuación, incluíndo, por tanto, nesta categoría accións coma

os disturbios, as folgas, os linchamentos ou as manifestacións. Doutra banda, Martin (1986) suxire realizar unha diferenciación entre dous tipos de acción colectiva, ambos considerados neste traballo: (a) a acción colectiva normativa, é dicir, aquela que se axusta ás normas do sistema social en vixencia; e (b) a acción colectiva non normativa, estando esta referida ás acción que sobrepasan as regras ou límites sociais establecidos, o cal suporía unha ameaza directa ao status quo. Cabe destacar que a ACNN non implicaría unicamente actos de violencia, senón tamén outras formas de acción pacífica (e.g. a desobediencia civil) que, nun contexto concreto, poden non estar lexitimadas polo sistema en vixencia (Tausch et al., 2011; Wright, 2009).

Pola súa parte, a identidade colectiva ten que ver co sentimento de pertenza a determinado grupo en base ás actitudes e crenzas que ese mantén e que o individuo determina como propias, así como coa diferenciación que este fai con respecto ao resto de agrupacións (i.e. a oposición do “nós” ao “eles” como algo que permite definir ao endogrupo coma promotor do cambio desexado e ao exogrupo coma o conxunto de individuos cuxas prácticas deben de ser modificadas) (Gamson, 1992).

A represión (VI)

Ao igual que ocorría no caso da acción colectiva, as definicións que se deron sobre a represión ao longo dos anos son moi variadas, e inclúen un gran abanico de accións. Ritter e Conrad (2016, p. 86) defínela como “calquera límite ou acción coercitiva realizada ou ameazada polas autoridades estatais para controlar ou prever desafíos que poderían alterar a política do status quo ou a distribución de poder”. Tarrow (1994) restrínxela á “coerción física dos desafiantes”, aludindo a que, se ben toda acción represiva é coercitiva, non toda coerción é represiva, e Davenport (2007, p. 1-2) amplía esta idea referíndose a ela coma “acoso, vixilancia/espionaxe, prohibicións, arrestos, tortura e asasinatos en masa por parte de axentes gubernamentais e/ou afiliados dentro da súa xurisdicción territorial... [que] violan os dereitos da Primeira Enmenda, o debido proceso na aplicación e adxudicación da lei, e a integridade ou seguridade personal”. Así pois, existe unha ampla diverxencia en canto ás formas de definir este concepto, probablemente coma consecuencia do gran número de disciplinas e de subáreas máis específicas implicadas no seu estudo, se ben todas coinciden no pensamento xeral de que se trata dunha forma de control que ten coma obxectivo previr ou diminuír toda acción colectiva

non institucional (e.g. protestas, movementos sociais e activismo), que supoña un desafío para o poder social, cultural ou político establecido (Earl, 2011). A isto é ao que se refire Tilly (1978) cando describe a represión como unha acción que incrementa os costes da protesta, ou Davenport (1996, p. 377) cando di que se trata dunha “acción regulatoria gubernamental dirixida contra quen desafia as relacións de poder existentes”. Dende esta perspectiva, a represión plantéase coma unha resposta ou estratexia, de entre outras, que semella rendable ante a ameaza do poder. Dado que a “acomodación” ou concesión supón modificar en certa medida o status quo para restaurar o control, a represión pode resultar para o Estado máis atractiva, en tanto que parece supoñer un menor coste (deMeritt, 2016). Non obstante, esta podería estar mediada polo réxime político do país (deMeritt, 2016; Chenoweth, Perkoski e Kang, 2017): nunha democracia a represión por parte do Estado podería ter un maior risco en comparación con réximes de carácter máis autoritario; comezando porque dito sistema proporciona aos cidadáns a posibilidade de participación política mediante o voto (o cal lles confire certo control sobre a autoridade), e seguindo porque o despregue de coerción podería ser visto en maior medida polos civís coma ilexítimo (coma algo que restrinxe as súas as merecidas liberdades políticas, véxanse o dereito de expresión e de manifestación). Aqueles que considerasen ao Estado coma opresor, poderían exercer os seus dereitos para substituír a quen se atopa no poder.

Ademais, tal como expresa Earl (2011), a represión podería estar tamén condicionada por: (a) as características institucionais e organizacionais da policía, pois hai que ter en conta que, a miúdo, nas democracias a represión non segue un patrón directivo top-down, senón que se da por exceso nas súas funcións por parte dos corpos de seguridade (sen unha intencionalidade, alomenos aparente, do Estado); (b) pola debilidade relativa da oposición (e.g. se esta conta cun status alto/baixo); ou (c) pola súa cobertura mediática. Con respecto a isto último, Wisler e Giugni (1999), analizando os datos da represión e a cobertura mediática de catro cidades suizas entre 1965 e 1994, atopan que dependendo do *framing* empregado nas noticias sobre as protestas (un que pon o foco nos dereitos civís ou ben na lei e a orde), a policía actúa dunha forma ou outra, e que cando a represión se sitúa fóra da escea pública, esta tende a aumentar.

Os efectos da represión na participación en acción colectiva: a literatura previa

Se ben é certo que, tal e como acabamos de comentar, a represión é unha das ferramentas que os Estados empregan para dificultar que os movementos en oposición ao status quo poñan en marcha os seus procesos de actuación (recrutamento, organización, motivación...), tamén o é que non está claro ata que punto dita medida alcanza os seus obxectivos. É máis, os datos empíricos recollidos ata a data parecen apoiar “case calquera relación posible entre a protesta e a represión” (Carey, 2006, p. 1). Así pois, a literatura previa en referencia aos efectos da represión sobre a acción colectiva recolle unha gran cantidade de xustificacións teóricas expostas para resultados moi diversos.

Co seu libro *The logic of collective action*, Olson (1965) presenta por primeira vez na historia a acción colectiva coma un acto de individuos que, con sentido, loitan para conseguir obxectivos comúns. Así, dá pé a un enfoque dende o que a participación das persoas nas distintas formas de acción colectiva é entendida en base a unha serie de bens colectivos que funcionan coma incentivos (é ao que Klandermans, 1984, se refire coma “incentivadores selectivos”), e que, unha vez conseguidos poden ser desfrutados por toda a comunidade. Partindo desta tese, a falta de incentivos suficientes (como é o feito de considerar que determinada acción xa está ben organizada e que conta cun número suficiente de participantes comprometidos), ou a presenza de desincentivadores que poñen en dúbida a eficacia da acción (como a alta posibilidade de represión), poderían dar lugar a un *free riding effect*, coa abstinencia de suxeitos que pasarían a considerar que o seu compromiso “non lles compensa” (máis sabendo que se outros conseguen aquilo que eles anhelan ese ben poderá ser socializado) (Albanese e van Fleet, 1985). Isto supón, pois, a aparición dunha primeira hipótese entre as variables, na que se expón un efecto linear negativo, e dá comezo a unha perspectiva coñecida coma o Modelo do Actor Racional (Olson, 1965).

Aínda que a aportación de Olson (1965) foi amplamente criticada pola falta de consideración de certos factores de relevancia, coma a influencia doutros cos que se comparte identidade (Oliver, 1980), deu lugar a moitas outras teorías que seguirían apoiando a hipótese comentada. Por exemplo, McCarthy e Zald (1977), seguindo esa perspectiva económica de que a acción colectiva xorde dun cálculo de costes-beneficios, propoñen a Teoría da Mobilización de Recursos, segundo a cal, se ben os movementos poden ofrecer aos actores beneficios a cambio da súa participación, as autoridades opoñentes poden impoñer costes que converten a mobilización nalgo menos atractivo. Tal e como sinalaba Tilly (1978), o Estado pode producir unha facilitación ou unha represión que diminúa ou aumente os custos (respectivamente). En

definitiva, esta teoría resalta que “os ambientes políticos represivos poden aumentar considerablemente os custos de participación: a xente pode perder amigos, arriscar o seu traballo ou, doutro xeito, poñer en perigo as súas fontes de ingresos, ser encarcerada e mesmo perder a vida” (Klandermans, 2015, p. 146); o cal pode chegar a reducir significativamente a súa intención de involucrarse na acción.

En contraposición a esta vertente, atopamos a protagonizada pola Teoría da Privación Relativa (Gurr, 1970), a cal senta as bases para o marco de inxustiza como motivador da acción colectiva, que, se ben non resulta suficiente para a súa aparición, si semella ter grande importancia (Sabucedo, Rodríguez-Casal e Fernández, 2001). Deste xeito, en lugar de centrarse nos motivos instrumentais das persoas para actuar, enfócase na súa percepción das condicións grupais. Segundo esta, as persoas veríanse chamadas a actuar por sentimentos de inxustiza que xorden da comparación da situación actual da que parte o grupo e a que se cre que se debería de estar dando (Gurr, 1970). Así, nun intento de aplicar a Teoría da frustración-agresión ao ámbito político, a teoría propón que o uso de coerción aumenta a frustración da protesta violenta, dando lugar a unha radicalización aínda maior (Koopmans, 1997). Dito noutras palabras, poderíamos esperar que a represión tivese o efecto contrario ao comentado anteriormente (i.e. que tivese un efecto positivo sobre a intención de actuar), posto que o exercicio desta por parte das autoridades podería ser percibido polos individuos coma unha privación das súas liberdades, o cal intensificaría a súa ira e, en consecuencia, a súa disposición a protestar (Ayanian e Tausch, 2016): “as sancións impostas son a privación, a ameaza de sancións equivale a privación anticipada, e a resposta innata a ambas é a ira” (Gurr, 1970, p. 238). Desa ira é da que falan Opp e Roehl (1990) cando expanden a Teoría da Mobilización de Recursos (McCarthy e Zald, 1977) sumando á ecuación os incentivos sociais e morais, o cal suporía, deixando de lado o posible efecto directo negativo, adiantar un efecto indirecto positivo da represión sobre a intención de acción colectiva, que se daría sempre e cando a primeira fose vista coma ilexítima. Estas autoras probarían empiricamente a existencia dunha “micromobilización”, na que a acción antigubernamental se vería incrementada por un descontento co sistema político (sendo a acción un medio para o cambio). Tamén Hirsch (1990) atoparía ese efecto radicalizante.

Tendo en conta todo isto, podemos dicir que, en primeira instancia, a confrontación entre teorías deuse entorno a dúas grandes perspectivas (a baseada no proceso político e a baseada nos agravios) que apoiaban hipóteses lineares opostas: un efecto de demobilización e

un efecto de escalada (Shadmehr, 2014). De xeito posterior comezarían a expoñerse moitos outros modelos con ansias conciliadoras (e.g. DeNardo, 1985; Muller e Weede, 1990; Lichbach e Gurr, 198; Francisco, 1995), que involucrarían unha gran cantidade de factores novos a ter en conta, o cal non faría outra cousa que resaltar a verdadeira complexidade da relación entre variables, previamente subestimada (Moore, 1998). Porén, os datos arroados polas investigacións continuarían a ser mixtos. Así, a modo de explicación para as achegas contraditorias, algúns autores tratarían de poñer en valor certos matices. Por exemplo, Lichbach (1987), volvendo á idea de que a acción é custosa (tanto de por si, en termos organizacionais, como a maiores no caso de que se dea represión) e de que os disidentes tratan de conseguir a súa maior rendibilidade, propón un modelo de toma de decisión estratéxica na que os participantes elixen entre a protesta violenta e a non violenta (ou incluso a non mobilización) en función das respostas de represión/acomodación que o Estado presenta cara as mesmas. Deste xeito, as opcións veríanse como posibilidades substituíbles no canto de exercer a presión máis efectiva a nivel político para achegar os cambios perseguidos. Gupta, Singh e Sprague (1993), considerando unicamente a protesta violenta e a quietude (deixando de lado a protesta pacífica), rexeitarían esta visión e poñerían o foco sobre o réxime político: segundo eles, a represión produciría un incremento da acción nas democracias, pero daría lugar a unha curva-U invertida nas non democracias. Rasler (1996), usando datos agregados semanalmente, sinalaría a importancia de ter en conta a “temporalidade”, mostrando o dinamismo existente na relación ao atopar un efecto inmediato negativo da represión sobre as protestas posteriores (o cal podería ser explicado por unha primeira percepción nos disidentes de que a acción é demasiado custosa) e un efecto positivo a longo prazo (que achaca a unha sensación de privación relativa moi incrementada, que ten os seus efectos de xeito retardado). Para rematar, Koopmans (1997) céntrase nas diferenzas que poden atoparse nos efectos tendo en conta distintos tipos de represión: situacional (efecto positivo) e institucional (efecto negativo).

A presente investigación: aportacións e hipóteses

Unha vez expostas as distintas perspectivas en relación co nexa represión-disidencia, queda aínda máis evidenciada a relevancia de esclarecer o xeito particular no que as medidas coercitivas afectan ás distintas formas de mobilización de grupos de poboación organizados. O poder determinar devandita incógnita, parece ser clave para o establecemento de políticas de contención que sexan capaces de prever a radicalización política (e, polo tanto, a violencia que

pode chegar a ser exercida polos membros de determinado colectivo co fin de acadar os seus obxectivos), en lugar de incremental. A presente investigación pode ofrecer aportacións relevantes nesa mesma dirección, superando algunhas das limitacións presentes na literatura previa, como é a que ten que ver co nivel de análise empregado. No noso caso, óptase por un nivel de análise micro, máis centrado no individuo e as súas crenzas, abordado dende unha perspectiva experimental e prospectiva; unha necesidade que se viña demandando dende fai tempo (Ayanian, 2021). En consecuencia, este traballo permite extraer conclusións sobre as relacións de causalidade entre as variables, a través dunha operacionalización directa das mesmas.

En canto ás hipóteses, decidimos enmarcarnos naquela corrente teórica que, partindo da Teoría da Privación Relativa (Gurr, 1970) estima que, coma consecuencia do descontento político xerado a partir da represión (a indignación moral), vista coma unha medida ilexítima que se presenta ante unha acción concebida coma o contrario, a intención de mobilizarse se ve incrementada (Opp e Roehl, 1990). Así pois, a nosa primeira hipótese (H1) estima que: “a percepción de represión produce un aumento da intención de acción colectiva normativa en favor do movemento ecoloxista”.

Do mesmo xeito, seguindo o mesmo marco, sumado ao razonamento de Hirsch (1990), segundo o cal a represión aumenta o compromiso cos movementos cara os que se dirixe, producindo un efecto radicalizante, predícese coma segunda hipótese (H2) o seguinte: “a percepción de represión produce un aumento da intención de acción colectiva non normativa en favor do movemento ecoloxista”.

Finalmente, posto que, como explicabamos durante a súa conceptualización, a politización das identidades (relevante para incrementar a acción colectiva), comenza coa toma de conciencia de agravios compartidos (Klandermans, 2015), propónse como terceira hipótese (H3) que “a represión produce un aumento da identificación política co movemento ecoloxista”.

Método

1 Participantes

A mostra deste estudo está composta por poboación xeral residente en España maior de 18 anos. O tipo de mostraxe empregado para chegar a ela foi un mostreo de conveniencia, cunha selección baseada na dispoñibilidade e o acceso dos participantes a redes coma Instagram ou Whatsapp, plataformas nas que foi publicado o link ao cuestionario de recollida de datos.

Dos 169 participantes que se conseguiron para o estudo, o 34.9% foron homes, o 59.8% mulleres, o 4.1% se identifica coa etiqueta de “non binarie”, e un 1.2% preferiu non responder. Asimesmo, as idades oscilaron entre os 18 e os 60 anos, sendo a media de 23.6 anos, cunha desviación típica de 7.50.

No que respecta á orientación política ou ideoloxía (medida cun baremo no que 0 representa a extrema esquerda e 10 a extrema dereita), a maioría de participantes afirmou ser de esquerdas (a media foi de 2.98, e o porcentaxe acumulado de participantes para o número 4, límite do que suporía identificarse coa ideoloxía de esquerdas, foi do 81.1%).

Finalmente, en canto a estudos, o 65.7% dixo ter rematada unha carreira universitaria e o 13.6% unha FP, o 14.8% só tería chegado a bacharelato e o 0.6% á ESO, mentres que o 5.3% contaría cun máster/posgrado.

2 Materiais e Procedemento

O 23 de maio de 2024, comezou a distribuírse unha enquisa online (creada co programa Microsoft Forms) na plataforma de Instagram, ao tempo que se enviou por diversos grupos da rede social WhatsApp, facendo referencia aos criterios de exclusión para participar na investigación (ser menor de idade e residir fóra de España).

Nesta enquisa (anexo A), antes de comenazar coas preguntas, presentábase información referente á investigación (os procesos polos que esta supoñía pasar e os seus obxectivos básicos), así como ás garantías de anonimato e á posibilidade de abandonar o estudo en calquera momento, de ser desexado. Do mesmo xeito, proporcionábase un contacto ao que acudir para formular preguntas, e unha sección para que os participantes confirmasen a súa voluntariedade a colaborar no estudo (entendendo que esta sería completamente altruísta), premendo nunha flecha que os levaría ás primeiras cuestións. Así pois, primeiro que todo, procurouse a obtención do consentimento informado.

Xa si, de seguido, procedeuse á recollida dos datos de identificación das persoas, sociodemográficos, entre os que se incluían a idade, o xénero, a orientación política e o nivel de estudos.

Posteriormente, instruíuse aos participantes para acceder a un xerador de números aleatorios mediante unha ligazón, coa finalidade de recibir unha noticia que deberían de ler con atención (a xustificación: poder responder ás preguntas en función das emocións que aflorasen neles). Así, sen sabelo, estes eran categorizados entorno a tres grupos: dous experimentais (alta represión/ baixa represión), nos que se trataría de inducir a VI, e un control. Como resultado desta aleatorización, o número de participantes na condición 1 foi de 40, na condición 2, de 83, e na condición 3, de 46.

Para a manipulación da represión nos suxeitos experimentais, presentábaselles unha noticia na que se describía a actuación policial (violenta ou non, dependendo da condición asignada) e xudicial cara os manifestantes do movemento ecoloxista ao realizar as súas accións de protesta pacífica. A maiores, os textos ían acompañados de imaxes obtidas nunha páxina xeradora de fotografías sen copyright (Unsplash). Asimesmo, os participantes do grupo control tiñan que ler outra noticia non relacionada para nada coa represión (neste caso, sobre o fentanilo), co obxectivo de igualar a carga cognitiva con respecto a aqueles sometidos ás

condicións experimentais. Cabe destacar que tras a recollida de todos os datos informábase aos individuos da falsa veracidade das noticias, explicando que estas foran formuladas de acordo aos obxectivos da investigación (“debriefing”; anexo B).

Unha vez realizado todo isto, procedeuse a medir a indignación moral dos participantes con respecto ao trato policial dirixido cara os manifestantes (a modo de comprobación da manipulación), así como as VDs (a identidade politizada, a intención de involucrarse en accións de protesta pacíficas e a intención de involucrarse en accións de protesta radicais en favor do movemento ecoloxista). Para elo, empregáronse diversos instrumentos adaptados ao movemento a estudar e á lingua castelá.

En primeiro lugar, usouse a escala *Moral outrage* ($\alpha = 0.872$) (Thomas e McGarty, 2009), unha escala tipo Likert (na que 1= “en absoluto” e 5= “en gran medida”) composta por 7 ítems (“enfado”, “indignación”, “irritación”, “furia”, “orgullo”, “felicidade” e “satisfacción”; onde os 3 últimos son inversos), que explora en que medida o trato policial con respecto aos protestantes pro-ambientais é capaz de suscitar nas persoas emocións negativas.

En segundo lugar, a identificación política quedaría medida pola escala *Politicised identity* ($\alpha = 0.816$) (van Zomeren et al., 2012 e Sabucedo et al., 2018), composta por 4 ítems destinados a detectar o grao no que as persoas se consideran a si mesmas como parte dun determinado movemento político/social (e.g. “comparto valores e crenzas cos membros dos movementos de protesta que abordan a crise climática”). Neste caso, tamén falaríamos dunha escala tipo Likert, no que 1= “completamente en desacordo” e 5= “completamente de acordo”.

Finalmente, aplicouse a *Activism and Radicalism Intention Scales (ARIS)* (Moskalenko e McCauley, 2009). Esta escala ten unha estrutura de dous compoñentes ou factores, correspondentes a dúas subescalas de tipo Likert de 7 puntos (nas que 1= “completamente en desacordo” e 7= “completamente de acordo”): a *Activism Intention Scale (AIS)*; ($\alpha = 0.882$), con 4 ítems referidos á disposición para involucrarse en distintas formas de acción colectiva normativa (e.g. “viaxaría durante unha hora para unirme a un mitin, protesta ou manifestación pública en apoio ao movemento ecoloxista”); e a *Radicalism Intention Scale (RIS)*; ($\alpha = 0.879$), con outros 4 ítems referidos á disposición para involucrarse en distintas formas de acción colectiva non normativa (e.g. “continuaría apoiando unha organización que loita polos dereitos políticos e legais do movemento ecoloxista incluso se esta ás veces infrinxe a lei”). Ambas subescalas están validadas e parecen ter sido útiles para rastrear os cambios na intención dos

activistas e radicais, na ampla base de simpatizantes e partidarios, coma índice de éxito/fracaso no apoio á violencia política.

3 Análise

Para realizar as análises estadísticas empregouse o programa estadístico Jamovi versión 2.3.28. para macOS.

En primeira instancia, a fin de coñecer o grao no que están asociadas as distintas variables involucradas no estudo, recorreuse a unha matriz de correlacións.

Posteriormente, para verificar que a VI, a percepción de represión, fora ben inducida, empregouse un análise de varianza (ANOVA) para comprobar as diferenzas entre grupos en canto a indignación moral (esta é empregada como “proxy” para o “manipulation check” porque se trata dunha reacción emocional vinculada á alta represión). En adición, realizáronse comparacións Post Hoc das medias, axustadas á corrección de Turkey.

Finalmente, empregouse o mesmo procedemento descrito para o “manipulation check” para coñecer as diferenzas entre grupos experimentais no referente ás variables dependentes de interese (a intención de acción colectiva normativa, a intención de acción colectiva non normativa e a identificación politizada).

Resultados

Análises preliminares

A continuación, preséntanse os resultados da matriz de correlacións entre as variables estudadas (táboa 1): a identificación politizada, a indignación moral, a intención de acción colectiva normativa e a intención de acción colectiva non normativa.

Dunha banda, a identificación politizada mostrou unha correlación positiva significativa coa intención de acción colectiva normativa ($r(167) = .666; p < .001$), coa intención de acción colectiva non normativa ($r(167) = .346; p < .001$), e coa indignación moral ($r(167) = .224; p = .003$). Isto suxire que, a medida que os individuos se identifican máis co movemento ecoloxista, aumenta tanto a súa intención de involucrarse en accións pacíficas e radicais, coma a súa indignación moral con respecto á actuación por parte das autoridades fronte a ditas accións. A dirección contraria nas relacións comentadas, tamén sería certa (a maior intención de ACN e ACNN, do mesmo xeito que a maior indignación moral, maior identificación politizada).

Doutra banda, a indignación moral tamén correlacionaría positivamente de xeito significativo coa intención de ACN ($r(167) = .336; p < .001$) e coa intención de ACNN ($r(167) = .309; p < .001$). Por tanto, a maior indignación moral, maior disposición a ambos tipos de mobilización (e viceversa).

Finalmente, entre a intención de ACN e a intención de ACNN existiría unha correlación similar ás anteriores ($r(167) = .416; p < .001$): a medida que incrementa a intención de ACN, a intención de ACNN sube. O mesmo sucedería ao revés.

Táboa 1

Matriz de correlacións

		INDIGNACIÓN MORAL (PROMEDIO)	IDENTIFICACIÓN PROMEDIO	AIS PROMEDIO	RIS PROMEDIO
INDIGNACIÓN MORAL (PROMEDIO)	R de Pearson	—			
	gl	—			
	valor p	—			
IDENTIFICACIÓN PROMEDIO	R de Pearson	0.224 **	—		
	gl	167	—		
	valor p	0.003	—		
AIS PROMEDIO	R de Pearson	0.336 ***	0.666 ***	—	
	gl	167	167	—	
	valor p	<.001	<.001	—	
RIS PROMEDIO	R de Pearson	0.309 ***	0.346 ***	0.416 ***	—
	gl	167	167	167	—
	valor p	<.001	<.001	<.001	—

Nota. * $p < .05$, ** $p < .01$, *** $p < .001$

Manipulation check

No que respecta á indignación moral sentida polos participantes en referencia ao trato presentado cara os activistas ecoloxistas por parte da policía, empregada para comprobar que a VI (a percepción de represión) foi inducida correctamente, atopouse unha diferenza de medias significativa ($F(2, 166) = 15.5, p < .001$). Non en tanto, observando os análises Post Hoc para examinar en profundidade as discrepancias entre os grupos (táboa 3), podemos comprobar que tan só un dos experimentais diferiu en canto a aldraxe do grupo control: a media do grupo control resultou ser substancialmente maior (cunha diferenza de medias de .7901; $EE = .183$) que a do grupo de baixa represión ($t(166) = 4.308, p_{tukey} < .001$), pero moi similar á da do grupo de alta represión ($t(166) = .230, p_{tukey} = .971$). Así pois, parece que a manipulación da represión só funcionou de xeito parcial.

Táboa 2

ANOVA – INDIGNACIÓN MORAL

	Suma de Cadrados	gl	Media Cuadrática	F	p
REPRESIÓN	22.3	2	11.148	15.5	< .001
Residuos	119.5	166	0.720		

Táboa 3


Comparacións Post Hoc para INDIGNACIÓN MORAL - REPRESIÓN

Comparación							
REPRESIÓN	REPRESIÓN	Diferenza de Medias	EE	gl	t	p_{tukey}	
Alta represión	- Control	0.0375	0.163	166	0.230	0.971	
	- Baixa represión	0.8276	0.156	166	5.307	< .001	
Control	- Baixa represión	0.7901	0.183	166	4.308	< .001	

Nota. As comparacións baséanse en medias marxinais estimadas

Figura 1

Medias Marxinais Estimadas para IDIGNACIÓN MORAL



Análise principal

En canto á intención de involucrarse de xeito totalmente pacífico en accións de protesta do movemento ecoloxista, non se atoparon diferenzas significativas entre os grupos ($F(2, 166) = 1.59, p = .207$), tal e como se aprecia no ANOVA para AIS (táboa 4). As probas Post Hoc o confirman: non existen diferenzas significativas con respecto á intención de ACN entre o grupo de alta represión e o control ($t(166) = -1.076, p_{tukey} = .530$), así como tampouco entre este último e o de baixa represión ($t(166) = 1.784, p_{tukey} = .178$), nin entre ambos grupos experimentais ($t(166) = .971, p_{tukey} = .596$). Por tanto, a nosa primeira hipótese (H1: “a percepción de represión aumenta a intención de acción colectiva normativa en favor do movemento ecoloxista”), non se cumpre.

Táboa 4

ANOVA – AIS PROMEDIO

	Suma de Cadrados	gl	Media Cuadrática	F	p
REPRESIÓN	7.17	2	3.59	1.59	0.207
Residuos	374.16	166	2.25		

Táboa 5


Comparacións Post Hoc para AIS - REPRESIÓN

Comparación		Diferenza de Medias	EE	gl	t	p _{tukey}
REPRESIÓN	REPRESIÓN					
Alta represión	- Control	-0.311	0.289	166	-1.076	0.530
	- Baixa represión	0.268	0.276	166	0.971	0.596
Control	- Baixa represión	0.579	0.325	166	1.784	0.178

Nota. As comparacións baséanse en medias marxinais estimadas

Figura 2

Medias Marxinais Estimadas para AIS



Pola súa banda, no que respecta á disposición a tomar parte nas mobilizacións de carácter radical, ao igual que ocorría no caso anterior, o ANOVA para RIS (táboa 6) permítenos ver que as diferenzas entre as medias non son significativas ($F(2, 166) = .618, p = .540$).

Novamente, as probas Post Hoc (táboa 7) ratifican o comentado: non existen diferenzas nin entre o grupo de alta represión e o control en intención de ACNN ($t(166) = .9338$, $p_{tukey} = .620$), nin entre o control e o de baixa represión ($t(166) = -.0791$, $p_{tukey} = .997$), como tampouco sucede entre os restantes ($t(166) = .8848$, $p_{tukey} = .651$). Así pois, a nosa segunda hipótese (H2: “a percepción de represión aumenta a intención de acción colectiva non normativa en favor do movemento ecoloxista”), tampouco se cumpre.

Táboa 6

ANOVA – RIS PROMEDIO

	Suma de Cadrados	gl	Media Cuadrática	F	p
REPRESIÓN	3.37	2	1.69	0.618	0.540
Residuos	453.19	166	2.73		

Táboa 7


Comparacións Post Hoc para RIS - REPRESIÓN

Comparación							
REPRESIÓN	REPRESIÓN	Diferenza de Medias	EE	gl	t	p_{tukey}	
Alta represión	- Control	0.2970	0.318	166	0.9338	0.620	
	- Baixa represión	0.2687	0.304	166	0.8848	0.651	
Control	- Baixa represión	-0.0283	0.357	166	-0.0791	0.997	

Nota. As comparacións baséanse en medias marxinais estimadas

Figura 3

Medias Marxinais Estimadas para RIS



En canto á identificación política co movemento medioambiental, o ANOVA (táboa 8) volve a apuntar a diferenzas non significativas entre os grupos ($F(2, 166) = .0237, p = .977$), ao igual que as probas Post Hoc (táboa 9): as diferenzas en identificación política entre o grupo de alta represión e o control non son significativas ($t(166) = -.0836, p_{tukey} = .996$), as do grupo control e o de baixa represión tampouco ($t(166) = .2109, p_{tukey} = .976$) e as do grupo de alta represión e de baixa represión, tampouco ($t(166) = .1605, p_{tukey} = .986$). En consecuencia, a nosa terceira hipótese (H3: “a represión aumenta a identificación política co movemento ecoloxista”), volve a non cumprirse.

Táboa 8

ANOVA – IDENTIFICACIÓN PROMEDIO

	Suma de Cadrados	gl	Media Cuadrática	F	p
REPRESIÓN	0.0359	2	0.0179	0.0237	0.977
Residuos	125.7252	166	0.7574		

Táboa 9


Comparacións Post Hoc para IDENTIFICACIÓN - REPRESIÓN

Comparación		Diferenza de Medias	EE	gl	t	ptukey
REPRESIÓN	REPRESIÓN					
Alta represión	- Control	-0.0140	0.168	166	-0.0836	0.996
	- Baixa represión	0.0257	0.160	166	0.1605	0.986
Control	- Baixa represión	0.0397	0.188	166	0.2109	0.976

Nota. As comparacións baséanse en medias marxinais estimadas

Figura 4

Medias Marxinais Estimadas para IDENTIFICACIÓN



En vista dos resultados obtidos, propónse facer unha análise exploratoria na que unicamente sexan comparados o grupo control e o de baixa represión (posto que é o grupo para o que pareceu funcionar a manipulación), tratando de ver a influencia que pode ter a nosa VI nunha dirección distinta á formulada nun principio, en referencia ás nosas VDs principais (a intención de ACN e de ACNN): aínda que non poidamos dicir que a percepción de represión

produce unha escalada, quizais si poidamos falar de que a percepción da súa ausencia demobiliza.

Análise exploratoria entre a condición control e a condición de baixa represión

Comezando pola intención de acción colectiva normativa, a través dunha proba *t* direccional (na que se especifica que se espera atopar unha mobilización superior por parte do grupo control: táboa 10), podemos afirmar que a intención de mobilizarse pacíficamente é maior para o grupo control (media = 4.11; *DE* = 1.27) que para o de baixa represión (media = 3.53; *DE* = 1.50), o que nos leva a ratificar un efecto disuasorio da acción normativa por parte da percepción de ausencia de coerción ($t(84) = 1.92, p = .029 < .05$).

Táboa 10

Proba t para Mostras Independentes (AIS-REPRESIÓN)

		Estatístico	gl	p
AIS PROMEDIO	T de Student	1.92	84.0	0.029

Nota. *t* direccional onde se presupón que o grupo control ten máis puntuación que o grupo de baixa represión ($H_a \mu_{\text{Control}} > \mu_{\text{Baixa represión}}$)

Táboa 11

Descritivas de grupo (AIS)

		N	Media	Mediana	DE	EE
AIS PROMEDIO	Control	40	4.11	4.25	1.27	0.201
	Baixa represión	46	3.53	4.00	1.50	0.221

Pola contra, para a intención de participar en protestas de tipo radical, as diferenzas de medias entre os grupos seguen sen ser significativas ($t(84) = -.0891, p = .929$), ao contrario do suposto (ver táboa 12).

Táboa 12.

Proba t para Mostras Independentes (RIS-REPRESIÓN)

		Estatístico	gl	p
RIS PROMEDIO	T de Student	-0.0891 ^a	84.0	0.929

Nota. *t* direccional onde se presupón que o grupo control ten máis puntuación que o grupo de baixa represión ($H_a \mu_{\text{Control}} \neq \mu_{\text{Baixa represión}}$)

^a A proba de Levene significativa ($p < 0.05$) suxire que as varianzas non son iguais

Táboa 13.

Descritivas de grupo (RIS)

	Grupo	N	Media	Mediana	DE	EE
RIS PROMEDIO	Control	40	2.95	2.88	1.27	0.200
	Baixa represión	46	2.98	2.75	1.62	0.239

Discusión

Neste estudo tratouse de examinar o xeito no que a percepción de represión contra a acción colectiva dun movemento, neste caso o ecoloxista, pode influír na intención dos individuos de involucrarse na mesma, tanto pacífica como violentamente. Asimesmo, analizáronse tamén os efectos da represión sobre un dos preditores da acción colectiva, a identidade politizada. Neste sentido, de forma xeral, os nosos achados impídenos falar dun efecto por parte da represión (nin negativo nin, como se predixo, positivo), posto que as diferenzas entre os grupos experimentais e o control en canto á intención de mobilizarse en favor do movemento pro-ambiental (tanto de forma normativa coma non normativa), así como en canto á identificación co mesmo, non foron significativas. Con todo, malia non ter atopado resultados na dirección esperada, si se acabou descubriendo un efecto suxestivo: comparando a intención de mobilizarse de xeito normativo entre o grupo control e o de baixa represión, viuse que aqueles expostos a unha condición na que a represión estaba ausente, pretendían de forma significativamente menor involucrarse en accións pacíficas en favor do movemento ecoloxista (se ben para a ACNN os resultados seguirían sendo os mesmos).

No que respecta á ausencia de relación entre a represión e á intención de acción colectiva, hai que dicir que esta posibilidade xa fora contemplada con anterioridade na literatura exposta entorno á temática: “tamén se pode argumentar con forza que non existe ningunha relación. Se tomamos igualmente en serio tanto a hipótese da disuasión coma a da escalada, chegamos ao argumento plausible de que tanto os custos da represión como a aldraxe moral que produce son funcións lineares da súa intensidade, en cuxo caso neutralizaríanse entre

si e non producirían ningún efecto” (Koopmans, 1997, p. 152). De feito, esa conxectura chegou a confirmarse, tal coma ocorre no noso caso, nalgunha que outra ocasión (e.g. Gurr e Moore, 1997). Quizais os resultados das investigación nos que a nosa hipótese (segundo a cal a represión aumenta a acción colectiva) queda ratificada, que non son poucas (ver revisión realizada por Hoover e Kowalewski, 1992) simplemente non sexan susceptibles de darse na propia. Non hai que olvidar que, as variacións entre os distintos tipos de represión ou de mobilización, así como as diferentes condicións contextuais nas que se estuda a relación entre as variables (e.g. o réxime político instaurado no país), poden ter implicacións importantes sobre a mesma (Koopmans, 1997; Davenport, 2007). Empero, tamén é posible que fosen unha serie de limitacións (que comentaremos en breves) as que estivesen a enmascarar un efecto por parte da represión que si podería en realidade darse nas nosas circunstancias. O mesmo poderíamos dicir no caso da identidade politizada, para a que, de xeito similar, parecen terse atopado noutros estudos resultados similares aos que se pretendían no presente (e.g. Ayanian e Tausch, 2016).

Doutra banda, respecto ao achado de que a falta de represión demobiliza, poder ser conveniente lembrar o concepto do *free riding effect*, comentado anteriormente. Aínda que algúns autores o empregan para expoñer o feito de que a alta represión, por supoñer un coste, funciona coma desincentivo (o que levaría a considerar pois, que a súa ausencia non o sería), non debemos esquecer que o concepto de *free riding effect* referencia tamén a outro aspecto, que é a falta de incentivos suficientes para mobilizarse (Olson, 1965). Neste sentido, se ben a eficacia é a miúdo considerada coma un incentivo (sendo, de feito, unha das variables disposicionais máis básicas da AC), a percepción dunha eficacia excesiva (que podería vir dada, efectivamente, pola ausencia de represión), podería ser contraproducente, levando a que os suxeitos pasasen a considerar a súa participación innecesaria. Dado que estes cren que o colectivo pode chegar a alcanzar os obxectivos de por si, non se ven chamados a actuar (as condicións serían, en definitiva, sobrestimadas). En palabras de Stigler, o problema do “oportunismo” en canto á acción colectiva ten que ver con como “nunha ampla gama de situacións, os individuos non participarán en actividades colectivamente rendables en ausencia de coerción ou incentivos individualmente apropiables” (Stigler, 1974, p. 359). Partindo desta tese, os nosos resultados poden ser comprendidos da seguinte forma: a falta de urxencia que é asumida polos individuos nunha situación non represiva, os leva a converterse en “free riders” que se benefician dos bens acadados polo grupo sen ter afrontado os costes da acción empeñada para obtelos. Deste xeito, con este achega, contribuímos, aínda que sexa indirectamente, á liña

teórica pretendida: se ben non podemos dicir que percepción dunha alta represión aumenta a mobilización, si sabemos que a concepción da súa relativa presenza é necesaria para que os individuos se involucren na acción.

Limitacións e direccións futuras

A pesares dos esforzos realizados, este estudo, como comentabamos, presenta varias limitacións que poderían ter influído na non ratificación das hipóteses inicialmente plantexadas, como son as relacionadas coa manipulación experimental realizada, o tipo de mostra empregada, o seu tamaño e a aleatorización levada a cabo para distribuír aos participantes nas distintas condicións experimentais.

